

AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA)

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS CORRESPONDENTE A 2018

INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS DA AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA) CORRESPONDENTE A 2018

I. INTRODUCCIÓN

A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, a través da (Subdirección Xeral de Control Financeiro Permanente e Auditoría do Sector Público) no uso das competencias que lle atribúe o artigo 111 do DL 1/1999 do 7 de outubro polo que se aproba o TRLFO, auditou as contas anuais da AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA) que comprenden, o balance de situación a 31 de decembro de 2018, a conta de resultado económico-patrimonial, o estado de liquidación do orzamento e a memoria correspondentes ao exercicio anual terminado en dita data.

A sociedade de auditoría UTE III GAP-AUDICON: GRUPO DE AUDITORES PUBLICOS, S.A.P. (GAP) -AUDITORES, CONSULTORES Y EXPERTOS INDEPENDIENTES, S.L.P. (AUDICON) en virtude do contrato suscrito coa Consellería de Facenda, a proposta da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, efectuou o traballo de auditoría referido no apartado anterior. En dito traballo aplicouse por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia a Norma Técnica sobre colaboración con auditores privados na realización de auditorías públicas do 11 de abril de 2007.

A Directora da AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA) é responsable da formulación das contas anuais da entidade de acordo co marco de información financeira que se detalla na nota 1 da memoria adxunta e en particular de acordo cos principios e criterios contables, así mesmo, é responsable do control interno que considere necesario para permitir que a preparación das citadas contas anuais estean libres de incorrección material.

As contas anuais as que se refire o presente informe foron formuladas pola AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA) con data 29 de marzo de 2019 e foron postas a disposición da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma con data 21 de maio de 2019.

A información relativa ás contas anuais queda contida no documento adxunto.

II. OBXECTIVO E ALCANCE DO TRABALLO: RESPONSABILIDADE DOS AUDITORES

A nosa responsabilidade é emitir unha opinión sobre se as contas anuais adxuntas expresan a imaxe fiel, baseada no traballo realizado de acordo coas Normas de Auditoría do Sector Público. Ditas normas esixen que planifiquemos e executemos a auditoría co fin de obter una seguridade razoable, aínda que non absoluta, de que as contas anuais están libres de incorrección material.

Unha auditoría leva consigo a aplicación de procedementos para obter evidencia axeitada e suficiente sobre os importes e a información recollida nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais. Ó efectuar ditas valoracións de riscos, o auditor ten en conta o control interno relevante para a preparación e presentación razoable por parte do xestor das contas anuais, co fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.

Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación dos criterios contables e do razoado das estimacións contables realizadas polo xestor, así como a avaliación da presentación global das contas anuais.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para emitir a nosa opinión de auditoría.

III. OPINIÓN

Na nosa opinión, as contas anuais adxuntas expresan, en tódolos aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA (ATRIGA) a 31 de decembro de 2018, así como dos seus resultados e do estado de liquidación do orzamento correspondente ó exercicio anual rematado en dita data, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables e orzamentarios contidos no mesmo.

UTE III GAP-AUDICON GRUPO DE AUDITORES PUBLICOS SAP
AUDITORES, CONSULTORES Y EXPERTOS INDEPENDIENTES SLP

Este informe foi firmado dixitalmente por:

Firmado por MARTINEZ LOPEZ MARIA ANGELES -
42842806Q el día 24/06/2019 con un
certificado emitido por AC FNMT Usuarios